



AS MONTAÑAS DE GALICIA

E. Vélez Barrio e M.C. Pereiro. Xerais. Vigo, 1993.

Na colección "Montes e Fontes" ven de publicar Xerais este libro de roteiros polas montañas galegas de 336 páxinas de esmerada presentación: coidada maquetación, profusión de color, abundancia de fotografías, mapas, esquemas,...

A primeira parte do libro, "Conceptos xerais", ocúpase da xeografía das montañas de Galicia, da xeoloxía, da flora e da fauna. O groso da publicación desenvolve 15 itinerarios para realizar a pé; con indicación dos accesos á zona, características da mesma (xea, flora, fauna, ameazas,...), descrición do percorrido con referencias ó tempo para realizalo e desniveis que salva, mapas, fotografías, debuxos, esquemas,... e puntos de interese nas proximidades, das que o roteiro se describe con maior brevidade pero suficiente precisión. Así, desde o Parque da Peneda-Gêres ata San Andrés de Teixido, desde as serras orientais ata o Monte Pindo, a Serra do Barbanza ou a do Galiñeiro, Galicia enteira está recollida en pequenas rotas polas montañas, e, saltando os límites administrativos, adéntranse en Portugal polo Sur, e en Asturias, León ou Zamora polo Leste.

Os apéndices finais recollen "consellos útiles", puntos de interese natural, altimetría das montañas citadas,... En resume, un libro útil, que os autores presentan dicindo, entre outras cousas: "Galicia, exemplo notable de agresións contra o medio ambiente, precisa de todos para conservar o seu patrimonio natural. Pero o respecto debe ir precedido do coñecemento. Esperamos que este libro contribúa a conseguir ambas cousas". Que así sexa.



GUÍA DIDÁCTICA.- Areal de San Cristovo e Ribeiras do Avia

Pablo Rodríguez "Oitabén"
Edita: Asociación Cultural-Ecolóxica RIDIMOAS
I.B. Ribadavia.-Ourense 1993

Toda publicación que axude a potencia-lo coñecemento, conservación e protección do medio natural é recibida con agrado. É este o caso da Guía Didáctica Areal de San Cristovo e Ribeiras do Avia, que imos comentar, que máis ca un libro é un caderno de traballo de formato atractivo. O autor "Oitabén" é ben coñecido polos diversos grupos ecoloxistas deste país, e por todos aqueles interesados na conservación e recuperación dos bosques autóctonos e do noso medio en xeral.

Máis ca unha guía didáctica ó uso; este traballo pretende chamar a atención sobre o perigo de destrución dun enclave natural de gran importancia ecolóxica no Ribeiro, como son as terrazas fluviais do río Avia e un tramo das súas ribeiras comprendido entre o pobo de San Cristovo e o límite co concello de Beade.

Así, na primeira parte do libro o autor comenta e ilustra mediante croquis o estado actual desta zona cmo consecuencia da extracción incontrolada de áridos desde o ano 1977, e expón o proxecto da Asociación Cultural-Ecolóxica RIDIMOAS de recuperación desde entorno mediante a creación dunha reserva biolóxica e unha Aula da Natureza. Este proxecto, no seu momento apoiado por distintos organismos e colectivos, na actualidade parece ser que está paralizado e ameazado por continuas agresións medioambientais e pola creación dun futuro parque empresarial.

A segunda parte consiste nunha relación de especies de flora e fauna que se poden observar neste rico ecosistema. Sobre cada especie, o autor fai un pequeno pero ameno comentario sobre o seu aspecto, hábitat, abundancia, tipo de alimentación, usos máis comúns no caso das plantas,... así coma un debuxo a dúas tintas, pero moi minucioso, que facilita a súa identificación.

Sen embargo, o interese didáctico do libro vese diminuído polo feito de que mentres os seus contidos (conceptos xeomorfolóxicos e ecolóxicos, estratexias de recuperación e sensibilización medioambiental,...) poderían ser axeitados para desenrolar no Ensino Secundario, as actividades propostas parecen destinadas a alumnado de menor idade, sendo estas ademais un tanto reiterativas e converxentes. Para unha mellor utilización didáctica deste espacio natural bótanse de menos propostas máis activas de investigación e acción sobre o medio.

Rutas para andar



desde
O Barco de Valdeorras

RUTAS PARA ANDAR DESDE O BARCO DE VALDEORRAS

Gustavo Docampo
Concello de O Barco (Ourense), 1993.

Cunha sobriedade que nada ten de precariedade, cun exquisito coidado das ilustracións e a enmaquetación, esta pequena publicación de O Barco (93 páxinas), impresa en papel reciclado e a toda color, recolle 6 rutas para andar en cadanseu día, de percorridos que oscilan entre os 13 e os 23 km. A parte dos datos técnicos de cada unha (tempo, distancia, desnivel; perfil topográfico e sinalización sobre o mapa topográfico 1:25.000), descríbese, con acertada linguaxe e seleccionada fotografía, o que o camiñante pode ver e vivir no seu discorrer por elas: o medio natural e as súas transformacións, a historia e a tradición, as construcións populares e as igrexas, pazos, mosteiros, ...Convida a coñecer O Barco (e zonas limítrofes), e faino desde o propio respecto ós seus valores naturais e histórico-culturais: non en balde forma parte dun proxecto de recuperación do patrimonio cultural do Concello. E así, pola súa implícita "defensa dos valores singulares", feita desde a mesura e a ponderación no fondo e nas formas, o libríño convértese nunha referencia obrigada para concellos, institucións e asociacións do país.